

ACTIVIDADES PARA 3º CURSO (SEMANA DO 27 AO 30 ABRIL)

A continuación ides ver as tarefas para esta semana nas distintas áreas, pero antes de nada, queremos dicirvos que ademais das materias que impartimos as titoras, tamén hai actividades que vos propoñen os/as mestres/as especialistas nos distintos blogues que teñen na páxina web do colexio (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipflavia/>), e que son:



- **Blogue de Educación Física.** (O profesorado desta materia programou actividades para os próximos 15 días e pídennos que volo digamos para que entredes neste blogue e así poder realizalas).
- **Blogue de Música.**
- **Blogue de Inglés.**
- **Blogue de Biblioteca.**

Consultádeos por favor!

As tarefas que hai que enviar ó correo electrónico (3cursoflavia@gmail.com) para a súa corrección son as correspondentes as materias de Lengua (páxina 161 → nº 12), Lingua (páxina 143 → nº 10) e Naturais (actividade dos refráns). As solucións das actividades de Sociais e Matemáticas serán **colgadas na web do centro** unha vez rematada a semana para que as corrixades na casa.



Só se envían ao correo as actividades que pedimos, non todas. As que se envían á maiores non serán corrixidas.

A distribución das actividades ó longo da semana podedes facelas como vós queirades.

AVISO IMPORTANTE PARA OS PAIS/NAIS:

Cando se envíen as actividades (ben sexan en forma de foto ou pdf), recordade poñer no apartado Asunto do correo electrónico, o nome do neno/a (non é necesario apelidos, salvo que nesa clase haxa 2 alumnos/as co mesmo nome, entón con poñer o primeiro chega) e o curso ó que pertence, por favor!, para que cada titora saiba que correos ten que abrir, pois o correo é o mesmo para os dous terceiros.

Como xa dispoñedes dos libros de texto no voso fogar, que se repartiron esta semana, imos traballar un pouco con eles. Así as actividades a realizar esta semana, serían:

LENGUA CASTELLANA

LIBRO DEL 3º TRIMESTRE:

- ▶ Leer la lectura de las páginas 150 – 151.
- ▶ Comprensión lectora → pág. 151 (n^{os} del 1 al 6).
- ▶ Ponte a prueba → pág. 153 (hacer los apartados **b**, **c** y **d**).
- ▶ Pág. 161 → **nº 12 (se elige una de las dos actividades):**
 - Si elegís la opción A, además de nombrar los 3 números del circo, hay que explicar en que consisten esos números.

Esta actividad es la que hay que enviar al correo electrónico para su corrección.

ACLARACIÓN PARA LA OPCIÓN B DEL EJERCICIO 12:

- Los gentilicios son palabras que indican de qué lugar es una persona. Por ejemplo:
 - Una persona de Galicia → su gentilicio es (gallego o gallega).
 - Una persona de Madrid → su gentilicio es (madrileño o madrileña).
 - Una persona de Alemania → su gentilicio es (alemán o alemana).
 - Etc.

LINGUA GALEGA

LIBRO DO 3º TRIMESTRE:

- ▶ Ler a lectura das páxinas 140 – 141.
- ▶ Comprensión lectora → páx. 142 (n^{os} do 1 ao 6).
- ▶ Vocabulario → páx. 143 (n^{os} 8 e 9).
- ▶ Ponte a proba → páx. 143 (facer os apartados **a**, **b**, **c**, **e**).
- ▶ Ao fío da lectura → páx. 143 (nº 10). **Esta actividade hai que enviala ao correo electrónico para a súa corrección.**

MATEMÁTICAS

LIBRO DEL 2º TRIMESTRE:

- ▶ Repaso → pág. 86 (n^{os} del 1 al 10).

SOCIAIS

LIBRO DE TEXTO:

- ▶ Repaso do tema 5: páx. 80 (nº 2).
Páx. 81 (nº 5).

NATURAIS

- ▶ Repaso do tema 5: páx. 79 (nº 4).
 - Busca **10 refráns** nos que se mencionen animais e di o que significa cada un deles. Podes buscar en internet (no refraneiro galego ou castelán) e tamén no libro de texto, páx. 79. Recorda que se o atopas en castelán hai que traducilo ao galego.
(Esta actividade é a que tedes que enviar ao correo electrónico).